

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de febreiro do 2003 pola que se dan instrucións para a conmemoración do Día das Letras Galegas nos centros de ensino non universitario.

A institucionalización por parte da Real Academia Galega, a partir de 1963, do día 17 de maio, como o Día das Letras Galegas, foi, sen dúbida, un acontecemento que, ano tras ano, colleu pulo e resonancia na nosa sociedade, de tal xeito que, en toda a Comunidade Autónoma galega, se proxecta a figura homenaxeada e serve, ó mesmo tempo, para reflexionar sobre Galicia, sobre a súa lingua e sobre a súa cultura.

A Real Academia Galega tomou como punto de partida, para a celebración desta efeméride, a publicación, no ano 1863, de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

O Goberno galego declara, a través do Decreto 6/2003, do 2 de xaneiro, o ano 2003 como ano de Antón Avilés de Taramancos. Preocupado desde moi novo pola lingua galega, foi fundamentalmente e sobre todo poeta, aínda que cultivou outros xéneros como o relato, o ensaio e o teatro.

O poeta, nunha primeira etapa, crea textos de corte clasicista para articular logo o seu mundo poético arredor dun referente mítico, sobre todo desde a súa experiencia na emigración americana. Con todo, a significación de Antón Avilés de Taramancos non se limita á creación literaria, senón que actuou como un verdadeiro animador cultural a través de múltiples iniciativas destinadas a promover a lingua galega e a cultura de noso.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Durante o mes de maio destacarase en tódolos centros docentes situados na Comunidade Autónoma galega a importancia que ten para Galicia o Día das Letras Galegas.

Segundo.-O profesorado, de acordo coa liña que estableza o consello escolar de cada centro, programará as actividades que considere oportunas para un mellor coñecemento do persoeiro ó que se lle dedica esta data.

Terceiro.-En calquera caso, dedicarase alomenos unha hora, en cada un dos grupos de cada curso, ó desenvolvemento dunha lección ou conferencia-colóquio, adaptada á idade do alumnado, na que se poña de manifesto a importancia que ten para Galicia a nosa lingua, facendo referencia ó poeta e animador cultural homenaxeado este ano, Antón Avilés de Taramancos.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 12 de febreiro de 2003 pola que se dictan normas para garanti-los servizos esenciais durante a folga convocada para o día 13 de febreiro de 2003, na Universidade de Vigo.

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ó mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño).

O artigo 3 do devandito decreto faculta os conselleiros competentes por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde e ante cada situación de folga determine o mínimo de actividade necesaria para asegura-lo mantemento de tales servizos, e o persoal preciso para prestalos.

O presidente da Xunta de Persoal Xoán M. Cebro Rodríguez, e Sergio Pajares Domínguez (polo sindicato CIG) e José S. Santos García (polo sindicato da UXT) comunicaron a convocatoria de folga do colectivo antes indicado para o día 13 de febreiro de 2003.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga á Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais (que se fan sempre para a satisfacción dos dereitos fundamentais dos cidadáns, desde a óptica dos bens e interese da persoa), non obstante, por acordo das partes determínase da seguinte forma:

Universidade de Vigo:

Rectorado:

-1 funcionario/a no rexistro.

-1 secretario/a do rector ou auxiliar administrativo/a.

Campus:

-1 funcionario/a no rexistro (As Lagoas-Marcosende, Pontevedra e Ourense).

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Decreto 147/2003, do 31 de xaneiro, polo que se acordan as cesións en propiedade, a título gratuito, dos predios número 554 e número 822, da zona de concentración parcelaria de San Fiz, Santo André de Illobre e Santa Baia de Vedra (Vedra-A Coruña).

O artigo 31.3º, da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da de concentración parcelaria para Galicia, sinala que a consellería competente en materia de agricultura está autorizada a exercer as funcións dominicais sobre o fondo de terras segundo o establecido na lexislación patrimonial, sen prexuí-